



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), SOCIEDAD DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A.U. (XESGALICIA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (CLUSAGA), PARA A POSTA EN MARCHA DUN FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR ALIMENTARIO DE GALICIA (BUSINESS FACTORY FOOD – BFF)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE),
DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar con a GAIN, XESGALICIA e CLUSAGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a creación dun Foco de Emprendemento no Sector Alimentario de Galicia (Business Factory Food – BFF) que implemente programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector alimentario e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido. A través da Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Axenda de Competitividade Galicia: Industria 4.0, na que se recollen os plans de impulso, os enfoques estratéxicos e as medidas para impulsar en Galicia o renacemento dunha industria renovada, moderna, innovadora e competitiva a nivel global, incluíndo, entre as súas medidas e accións a curto prazo, a posta en marcha de FOCOS DE EMPRENDEMENTO SECTORIAL que consisten no desenvolvemento en Galicia dunha estratexia dirixida á xeración de novos proxectos de emprendemento, especialmente innovadores e destinados a solucionar problemas, incorporar novas solucións ou avances ou propoñer iniciativas empresariais rompedoras para a industria.



A Xunta de Galicia, coa coordinación da Axencia Galega de Innovación (GAIN), definiu a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia). Esta estratexia para a investigación e innovación en Galicia para o período 2014-2020 baseada no concepto de Especialización Intelixente. A visión definida polo RIS3 Galicia concretouse en 10 PRIORIDADES, sendo unha delas a diversificación do sector alimentario galego para posicionalo como referente internacional ao redor da innovación en nutrición como elemento crave para unha vida saudable, dentro do “RETO 3 – Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación”.

IGAPE é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión de IGAPE é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial. Entre as empresas participadas por IGAPE atópase XESGALICIA, a cal é unha empresa pública que, desde o ano 1999, financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas; outorga, como complemento, préstamos participativos ou préstamos comúns a longo prazo a empresas participadas, o que realiza a través da xestión e administración de diferentes e específicos Fondos de Capital Risco e unha sociedade de capital risco.

GAIN é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes. Para a consecución dos seus obxectivos, GAIN, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

CLUSAGA é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que representa ao sector alimentario de Galicia. O obxectivo central de CLUSAGA, tal como recollen os seus Estatutos, consiste en “contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento sustentable e mellora da competitividade e da internacionalización do sector alimentario de Galicia”. Ese obxectivo central concrétase no Plan Estratéxico 2016-2020 en cinco obxectivos estratéxicos:

- 1. Desenvolver a cultura de innovación e favorecer a difusión e aplicación do coñecemento.*
- 2. Impulsar a creación de valor, a través de novos produtos e/ou procesos e a seguridade e calidade dos alimentos.*
- 3. Mellorar a produtividade e sustentabilidade e avanzar cara á fábrica do futuro.*
- 4. Reforzar o posicionamento nos mercados; internacionalización e adaptación ás tendencias do consumo.*
- 5. Potenciar a dinámica de cooperación e traballo en rede dos socios do clúster, e consolidar a estrutura e proxección de CLUSAGA.*



Os catro primeiros obxectivos teñen un carácter “finalista” e refírense aos aspectos do sector nos que pretende incidir de forma prioritaria o CLUSAGA. Mentres que, o quinto, presenta un papel instrumental: a potenciación da dinámica de cooperación entre os socios e a consolidación do clúster, non constitúen fins en si mesmos, senón unha condición para alcanzar os restantes obxectivos.

CLUSAGA estableceu no seu Plan Estratéxico 2016-2020, na medida 2.2 de “Capital humano, emprendemento e avance cara á fábrica do futuro”, que uno dos seus propósitos principais é o fomento do emprendemento empresarial de carácter innovador, o cal se propón cumprir por medio das seguintes liñas de acción:

- 1. Elaboración e difusión de información relativa a recursos, fontes de financiamento e medidas de apoio a emprendedores no sector alimentario.*
- 2. Configuración dun programa de impulso do emprendemento de carácter innovador no sector alimentario, en colaboración coas tres Universidades galegas e outras entidades.*
- 3. Accións para promover a mentorización.*
- 4. Organización de actividades para facilitar o contacto dos emprendedores con empresas consolidadas do clúster.*


Co propósito de que BFF sexa un programa referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector alimentario, contémplase a integración dos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de innovación do vertical alimentario en Galicia, que poñerá en común os seguintes recursos:

- a) Recursos humanos e económico-financeiros.*
- b) Infraestruturas físicas adecuadas para as accións para desenvolver.*
- c) Equipamento tecnolóxico e servizos técnicos especializados para a realización de probas, análises e validación.*
- d) Recursos de coñecemento: formación, coaching e mentorización.*
- e) Servizos de asesoramento e apoio en materia de negocio, administración de empresas e financiamento, entre outros.*
- f) Contacto con compañías líderes que faciliten acceso aos mercados, validación da proposta de valor e o modelo de negocio e networking, entre outros.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a vinte de xuño de 2018.

O xerente da Oficina Competitiva Igape Nova